

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN NOS CURSOS DE E.S.O. E 1º DE BACHARELATO**

### **Avaliación inicial**

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc.)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel escrita
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

### **Avaliación trimestral**

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación en función das destrezas da lingua.

1. READING: 25%
2. LISTENING: 20%
3. WRITING: 25%
4. SPEAKING: 30%

Farase como mínimo un exame por trimestre, que avaliará as catro destrezas anteriores.

Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán variados para atender á diversidade do alumnado, como por exemplo os seguintes: cuestionarios de

opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar, preguntas abertas e rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres.

**A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.**

**Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.**

### **RECUPERACIÓN DA MATERIA EN E.S.O. E 1º DE BACHARELATO**

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante o primeiro trimestre baseado na realización dun boletín obrigatorio nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Finalmente, unha cualificación positiva na primeira avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente, sempre e cando teña entregado o boletín obrigatorio.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na primeira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño, realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

**COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA: 85%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

**PRODUCCIÓN ESCRITA: 15%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN EN 2º DE BACHARELATO**

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

EXAMES ABAU (2 por avaliación): 45%

GRAMÁTICA E VOCABULARIO (2 por avaliación): 45%

WRITING E SPEAKING: 10%

**A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.**

**Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.**

### **RECUPERACIÓN DA MATERIA EN 2º DE BACHARELATO**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA: 50%

PRODUCCIÓN ESCRITA: 50%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.